



Presentación do 38.º Foro «Relixión e Cultura en Galicia» da revista Encrucillada

Lois Ferradás Blanco

Bos días. Benvidas, benvidos ao 38.º Foro Relixión e Cultura en Galicia: *Igrexa aberta por reformas*, «Igrexa en saída», como di o Papa Francisco, convocados pola revista Encrucillada. Para unha mellor comprensión deste Foro, antes de nada, pretendo situalo no seu contexto. Primeiramente este contexto é a propia revista *Encrucillada*.

1.- A revista Encrucillada

O Foro, de igual xeito que a revista, quere ser «punto de encontro reflexivo». Así o propoñía Andrés T. Queiruga na presentación do n.º 1 de Encrucillada¹:

[Encrucillada] quere ser punto de encontro reflexivo, lugar de comunión de experiencias, coordinador de información para todos aqueles que compartan a nosa fe [...]. E quere ser, finalmente, man tendida ao diálogo con aqueles que, sen compartiren a nosa fe, se moven por idéntica arela: servir a Galicia e servir ao home en Galicia.

E pouco máis adiante, invita a dirixirse ás periferias:

A cruz non di que camiño concreto debemos coller, pero di moi concretamente que, sexa cal sexa, soamente terá validez se leva á casa dos pobres, á miseria dos asoballados, ao horizonte dos emigrantes.

1 Torres Queiruga, A. (1977). Presentación. *Encrucillada*, 1, 5-6.

O Foro Relixión e Cultura en Galicia.

En 1986, ao celebrar os 10 anos da revista, pónse en marcha a celebración dun encontro denominado *Asemblea de Subscritores e Amigos*, no que se pretende achegar «un espazo para os subscritores e demais persoas que o desexen, onde, a través de conferencias e intercambios se compartan unha experiencia común de fe»². A partir do ano 1995 as Asembleas cambiaron de formato e pasaron a chamarse *Foro Relixión e Cultura en Galicia*. Se repasamos as temáticas dos foros da última década atopamos:

- 29.º (2014) *A Igrexa Galega e o Papa Francisco*
- 30.º (2015) *Cristianismo sen Igrexa?*
- 31.º (2016) *Tiven que exiliarme e acolléste-me*
- 32.º (2017) *Corpos escravizados*
- 33.º (2018) *Mulleres no altar?*
- 34.º (2019) *O Pórtico da Gloria: Teoloxía en pedra*
- (2020) *Relixión e Cultura en Galicia (Coloquios na Encrucillada)*
- 35.º (2021) *Teoloxía política do Papa Francisco*
- 36.º (2022) *Música relixiosa galega*
- 37.º (2023) *Traballo digno*
- 38.º (2024) *Igrexa aberta por reformas (Igrexa en saída)*

Vanse mesturando temas explicitamente eclesiais con outros do ámbito secular (se aínda podemos facer esta distinción).

2.- Apertura ao maxisterio do papa Francisco

Se repasamos os temas dos últimos foros, destaca que varias veces fan referencia expresa ao maxisterio do papa Francisco. Así: *A Igrexa Galega e o papa Francisco*, no Foro 29.º en 2014; *Teoloxía política do Papa Francisco*, no Foro 35.º en 2021. Noutros casos trátanse temas especialmente queridos e reiterados polo papa. Así: *Tiven que exiliarme*, no Foro 31.º en 2016; *Corpos escravizados*, no Foro 32.º en 2017, e *Traballo digno*, no Foro 37.º en 2023.

2 Número 50

Tamén na revista se aprecia. Nunha rápida ollada atopamos no n.º 206: A Igrexa en saída: Lectura dalgunhas luces e chamadas de Francisco na *Evangelii Gaudium*. No n.º 219: Proposta pastoral en *Evangelii Gaudium*. E no n.º 228: A sinodalidade: A arte de camiñar xuntos. Todo isto manifesta unha vontade clara de escoita activa do maxisterio de Francisco.

E así chegamos ao Foro 38.º (2024)

3.- Igrexa en saída, Igrexa aberta por reformas

O papa Francisco desexa unha transformación misioneira da Igrexa, unha igrexa en saída, que el describe como unha Igrexa sinodal, camiñando xuntos, e aberta ás periferias.

Cada cristián e cada comunidade discernirá cal é o camiño que o Señor lle pide, pero todos somos invitados a aceptar esta chamada: saír da propia comodidade e atreverse a chegar a todas as periferias que necesitan a luz do Evanxeo (EG 20).

A achegas dos relatores e as reflexións de todas e todos nós axudarannos a profundar en todo isto, sen limitarnos a repetir esa ensinanza, senón a tirar as consecuencias no noso tempo, nas nosas circunstancias... tomando a iniciativa, involucrándonos, acompañando, dando froito e festexando.

En primeiro lugar, monseñor Francisco Xosé Prieto Fernández, arcebispo de Santiago de Compostela, fará o seu relatorio: *Que significa en Galicia Igrexa en saída*. Despois Andrés Torres Queiruga axudaranos a comprender a Xesús como base e criterio para a Igrexa en saída: *Xesús fundamento da Igrexa en saída*. Finalmente Koldobi Velasco Vázquez preséntanos os *desafíos das periferias á Igrexa*. Despois do primeiro relatorio teremos unha pausa-café, con produtos de calidade do Comercio Xusto, servido por Solidariedade Internacional. Remataremos á tarde cunha celebración animada polas Mulleres Cristiás Galegas da Asociación Exeria.

Esta actividade realízase coa colaboración de moitas persoas. Remato expresando o agradecemento de parte de Encrucillada.

- A todas as persoas que participaron na preparación deste Foro, especialmente a relatores e relatora, que fixeron un oco nas súas axendas para preparar a súa contribución e para estar hoxe con nós.
- Á Compañía de María, pola súa colaboración permanente, especialmente hoxe por prestarnos este excelente Salón de Actos.
- Á Deputación Provincial da Coruña, que este ano apoiou economicamente a Revista e a celebración deste Foro.
- A todas e todos vós, que co voso apoio e a vosa presenza manifestades que vale a pena o esforzo de manter aceso este humilde facho.

Lois Ferradás Blanco